



Tradución ao galego de Yolanda Castaño

DANZO

Danzo a danza das ideas xeniais
agardando que me digas algo novo.
Danzo a danza dos perdedores e os perdidos
sabendo que os meus pasos serán en van.
Danzo a danza dos inxenuos felices
pensando que a miña suor a alguén lle sirva.
Danzo a danza dos aproveitados
e ata que me pagues danzareí.

E danzo, danzo, danzo
para vencer a miña arrogancia.
Danzo, danzo, danzo,
o porqué non ten importancia.

Danzo a danza dos malditos
porque o spleen me chega ao tórax.
Danzo a danza dos fachendosos
porque ti tamén o es se te cres á miña altura.
Danzo a danza dos indeseados
moito adestrei ante as portas pechadas.
Danzo a danza dos que non aturan
podes, por favor, botarte un pouco para alá?

E danzo, danzo, danzo
mentres aguante en pé
Danzo, danzo, danzo
porque quen mo pide es ti.

Claudio Pozzani POETAS NA CORTE D'EL REI SABIO

"Están caendo cordas do ceo
e xélicas cadeas danzan ao teu redor"

10 de maio de 2015 · Fundación Vicente Risco

Xenovés, nado en 1961, Claudio Pozzani é un poeta, músico, performer e novelista italiano de proxección internacional, participando en festivais literarios e feiras do libro máis importantes de Europa, Asia, África e América.

Traducido a máis de dez idiomas, os seus textos aparecen en antoloxías e revistas literarias de ámbito internacional.

Como xestor cultural, Pozzani é dende 1983 fundador e director do “Circolo dei Viaggiatori nel tempo” unha plataforma dende a que traballa como creador e organizador de numerosas manifestacións internacionais de poesía, tanto en Italia como noutros países.

Animal do escenario, poeta da voz e dotado dunha gran presenza escénica, Fernando Arrabal definiu a Pozzani como “mestre do invisíbel, instigador dos soños, ladrón do fogo: o seu corazón danza na alcoba festiva”.

A MARCHA DA SOMBRA

Están caendo cordas do ceo
e xélicas cadeas danzan ao teu redor
É un mundo de nós
que se derreten na escuridade
entre un lóstrego e outro
de fósforo e berro
É un novelo de cordas
que rexeitan as tesoiras
E un peite que se enguedella
en cabeleiras que non pensan

É sombra... sombra
E un novo latexo de pestanas

Miro ao meu redor e vexo muros
mesmo o meu espello trocou nun muro
sobre os teus seos medrou unha pel de muro
o meu corazón, os meus sentidos reencarnados en muros
E seguen chovendo pregarias e blasfemias
que se evaporan así que tocan a area
e seguen arrastrando nun silencio venenoso
adverbios, adxectivos, palabras sen son

E sombra... sombra
e un novo latexo de pestanas

Do sol vexo só o seu reflexo
nos pozos iridescentes de auga de chuvia,
da lúa a presenza adiviño na escuridade
do afastado ladrado dos cans amarrados
A miña paz non é falta de guerra
A miña paz é a ausencia do concepto de guerra

Non sombra... sombra...
senón un latexo de pestanas, de novo

A MULLER DAS BÁGOAS DOCES

Es a muller das bágoas doces
Cada aceno teu é unha chama lixeira
Es a sombra, es o gato que escapa e que volve
Es o impacto do tren contra as pólas saíntes
Un alambique cheo de mercurio e xofre
ferve de noite entre os teus seos perfectos
Cantos alquimistas perderon os pulmóns
perseguindo os ríos do teu corpo suado!
Es a muller que dita o ritmo das estacións,
que me divide a espera entre un e outro latexo
Es Venus que nace dun alude de lava
Es Psique que ten sempre acesa esa luz
Pisas a terra e nin sequera te decatas
que a cada pegada túa cobra vida un xardín
Polo teu cabelo o vento dálle as grazas a Deus
por terlle agasallado cun obxecto de vida.